



ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

17 de xuño de 2023

Na Casa Consistorial do Concello de Pol sendo as 12:03 horas do día 17 de xuño de 2023, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e o artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e ao efecto de proceder a celebrar a constitución do novo Concello de Pol, á vista dos resultados das Eleccións Municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais, reúnense todos os Concelleiros Electos enumerados a continuación:

Nicole Grueira Fernández
Enrique Rodríguez Rodríguez
Lino Rodríguez Ónega,
José Luis Ramudo Andión,
Marina Ramudo Graña
Ana Belén Seco Morado,
Sonia Cervantes Rivas,
César Valiña Irimia,
María Blana Fernández Martínez

A Corporación está asistida pola Secretaria-Interventora deste Concello que dá fe do acto.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

Seguidamente polo Secretario da Corporación, una vez declarada aberta a Sesión, e de conformidade co artigo 195 de Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, procédese a constituír a Mesa de Idade.

A Mesa de Idade queda integrada por:

Lino Rodríguez Ónega	Concelleiro electo de maior idade
Nicole Grueira Fernández	Concelleiro electo de menor idade





COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

Constituída a Mesa de Idade e logo de tomar as medidas precisas segundo dispón o artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, dáse conta de que tanto a Secretaría como a Intervención puxeron a disposición dos Sres. Concelleiros Electos a documentación referente aos xustificantes das existencias en Entidades Bancarias.

Seguidamente a Secretaria da Mesa, procede a dar lectura de todas as credenciais, que lle foron entregadas acreditativas da personalidade dos Concelleiros electos, procedendo á comprobación das mesmas, e acreditando cada Concelleiro electo a súa personalidade.

A continuación, compróbase que todos os Concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tendo en conta de que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e 37.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e que concorren a esta Sesión a totalidade de Concelleiros Electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral de prestar xuramento ou promesa.

ACTO DE XURAMENTO Ou PROMESA

Á vista do disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, referido á toma de posesión dos Concelleiros Electos, procédese a nomear a todos os Sres. Concelleiros electos, a efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas: «Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Concelleiro deste Excmo. Concello, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A continuación a Secretaria da Mesa de Idade procede a nomear a cada un dos Concelleiros electos, lendo a fórmula persoalmente cada un deles, manifestándose da seguinte maneira:

Concelleiro electo	Partido Político	[promete]
Enrique Rodríguez Rodríguez	PP	Xuro
Lino Rodríguez Ónega	PSdeG-PSOE	Promete
José Luis Ramudo Graña	PSdeG-PSOE	Promete
Marina Ramudo Graña	PSdeG-PSOE	Promete





Ana Belén Seco Morado	PSdeG-PSOE	Promete
Sonia Cervantes Rivas	PSdeG-PSOE	Promete
César Valiña Irimia	PSdeG-PSOE	Promete
María Blanca Fernández Martínez	BNG	Promete
Nicole Grueira Fernández	PP	Promete

Logo de dar cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, o Presidente da mesa declara constituído o Concello de Pol tras as eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023.

ELECCIÓN DO ALCALDE

Posteriormente, a Secretaria do Concello procede de conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral procédese á elección do Alcalde-Presidente da Corporación.

Proclamación de candidatos á Alcaldía

Tras iso o Presidente da mesa de idade, pregunta os Concelleiros que encabezan as listas, se manteñen a súa candidatura a Alcalde ou a retiran, manifestándose no seguinte sentido:

Nicole Grueira Fernández	Ratifícase como candidato do PP
María Blanca Fernandez Martínez	Ratifícase como candidato do BNG
Lino Rodríguez Ónega	Ratifícase como candidato do PSdeG-PSOE

Seguidamente procédese a proclamar candidatos á Alcaldía do Concello.

Tras a proclamación de candidatos, o Presidente da mesa manifesta que a Mesa de Idade propón que o sistema de votación para a elección do alcalde sexa o de votación ordinaria.

Procédese a continuación á votación polos Sres. Concelleiros que van sendo chamados polo Presidente da Mesa de Idade, sendo os integrantes da Mesa de Idade os últimos en manifestar os seus votos.

Terminada a votación, procédese a manifestar o resultado dos votos emitidos que son lidos en voz alta polo Presidente da Mesa de Idade, co seguinte resultado:





VOTOS EMITIDOS:	Nove
VOTOS VÁLIDOS:	Nove
VOTOS EN BRANCO:	---
VOTOS NULOS:	---

Resultando o resultado da votación da seguinte maneira:

Candidato	Partido Político	Núm. de votos
Nicole Grueira Fernández	PP	2
María Blanca Fernández Martínez	BNG	1
Lino Rodríguez Ónega	PSdeG-PSOE	6

En consecuencia e á vista do resultado da votación, ao ser o número de Concelleiros de nove e a maioría absoluta de cinco, o Presidente da mesa de idade procede a proclamar Alcalde-Presidente da Corporación a Lino Rodríguez Ónega cabeza de lista do PSdeG-PSOE.

TOMA DE POSESIÓN

A continuación, de conformidade co artigo 18 do TRRL e artigo 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a Secretaria da Mesa procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte literal: «Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcalde-Presidente deste Concello, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

De seguido, o Alcalde maniféstase da seguinte maneira: Si prometo.

Realizada a promesa, a Secretaria da Mesa, faille entrega do bastón de mando pasando a ocupar o cargo de Alcalde-Presidente do Concello.

Logo pola Secretaria-Interventora dase conta do estado de Tesourería a 15 de xuño de 2023 e da correspondente Acta de arqueo asinada polo Alcalde saínte e o Alcalde entrante no mesmo acto.





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

A continuación Lino Rodríguez Ónega, Alcalde-Presidente, toma a palabra e dirixe unhas palabras de agradecemento, aos señores Concelleiros e veciños presentes no acto.

Seguidamente, Lino Rodríguez Ónega Alcalde-Presidente levanta a Sesión sendo as 12.25 horas, do cal como Secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

